

## Comisión de Xestión - 9 de xuño de 2010

**1.- Información Mesa de Comercial:** Informa a xefa de Residencial que na última Mesa de Comercial tratáronse cambios organizativos e de actividades motivados pola converxencia, seica queren lograr un servizo único e unha atención única, volven coa leria das actividades de maior valor para os centros propios.

O centro da Coruña, integrado na xerencia Norte con Valladolid e Bilbao, deixará a actividade CRC (contención de baixas) a partir do 1 de agosto, seguirase levando atención e vendas pero a actividade CRC pasará aos centros de Alicante e Murcia. Non saben que actividades levará o grupo da Coruña que ate agora esta coa contención de baixas (CRC), aseguran que se dará a formación precisa antes de levar adiante os cambios.

Dende a CIG solicitamos que cando se dispoña de máis información se traslade ao Comité da Coruña, a empresa responde que informará aos afectados, entendemos dende a CIG que o Comité debe ser informado como é debido ante cambios deste tipo.

Como ten pasado noutras ocasións haberá que estar atentos a todo o proceso e manter unha actitude vixiante e crítica para que se respecten os dereitos dos traballadores e traballadoras do centro, non entendemos o seguidismo e a falta de crítica de outras organizacións, nomeadamente UGT, que di amén a todo canto propón a empresa.

**2.- Quendas CNOC Espiño:** O xefe do CNOC expón o tema indicando que no grupo de EPIs (Encargado de Planta Interna) que ten en Madrid, a un deles déronlle traslado e outros dous estarán de baixa durante varios meses co que, será imposible que os EPIs que quedan poidan asumir as noites dende o 10 de xullo ao 5 de setembro.

Segue dicindo que a actividade da atención das avarías críticas (escaladas a N-1) na quenda de noite pasará a facerse na Coruña por parte dos OTPI (Operador Técnico de Planta Interna), para iso propón poñer un máis de noite para facer esa actividade e botar unha man, se pode, aos outros dous OTPI no resto das actividades que teñen.

Sobre a actividade insiste en que non supón asumir ningunha función a maiores das que supoñen a atención das avarías con escalado de N-0, que a única diferenza está en que as de N-1 deben ser seguidas con maior atención pero non asumir funcións que non sexan propias dos OTPI.

Todos os sindicatos insistimos en que se o problema está no grupo dos EPIs a solución debería ser outra. Entrando nas quendas os dous EPIs da Coruña poderían arranxar a cuestión nos meses de verán, todo o que pasaría sería que uns días (poida que unha semana) non habería EPI de mañá no centro da Coruña, isto xa ten pasado e non houbo problema. A empresa insiste en que non pode asumir esta solución e por ese motivo expón a cuestión á súa maneira.

Dende a CIG insistimos en que ante unha situación excepcional como é esta non se debería optar pola solución que propón a empresa, hai xeito de organizar as quendas no grupo dos EPI para asumir as noites e polo tanto non entendemos a insistencia en pasarlle a actividade aos OTPI.

Entendemos que os OTPI deben estar atentos á maneira en que terán que facer este traballo para non asumir funcións que non lles corresponde.

**3.- Festas Locais:** Levarase adiante coma o ano pasado. Poderase optar por librar dúas horas cinco días por festas locais, tal e como marca a Normativa Laboral, ou librar un día completo e 2.5 horas doutro.

O problema pode aparecer se o centro pecha o día que se marca para librar (como en Comercial Residencial) pois nese caso a empresa obriga ao traballador a librar, seica esta foi a solución que elixiron por maioría os traballadores e traballadoras do centro, no resto dos departamentos poderase optar pola solución que a cada quen lle conveña, sempre e cando se poidan organizar as quendas nos departamentos que as teñan para librar.

**4.- Curso en CdR:** Este punto foi introducido polo Comité a través dun escrito, a cuestión é que se convocou aos traballadores de Creación de Rede a un curso de 14 horas en dous días (7 horas ao día). O convenio colectivo establece que a duración dos cursos, se se quere conseguir o obxectivo formativo perseguido, non debe superar as 6 horas lectivas diarias; salvo cando impliquen o desenvolvemento de técnicas de traballo en grupo, destrezas e/ou habilidades, xa que entón se entende que a superación das 6 horas non supón un obstáculo para o obxectivo formativo perseguido.

Dende a CIG lembrámoslle que o curso é de metodoloxía teórica, tal e como aparece na páxina de formación, e non ten sentido algún a ampliación de horario. O responsable de Recursos Humanos di que aínda que poña iso na páxina de formación, haberá prácticas, e polo tanto pode superar as 6 horas. A empresa chámalle prácticas a ir visitar un RP ou unha sala de equipos.

O caso é que á empresa válelle unha cousa e mais a contraria sempre que lle conveña, se Formación entende que os cursos deben ser de 6 horas non se entende este cambio de criterio, o que queda totalmente claro é a nula capacidade para o diálogo e o entendemento dos responsables de RRHH pois nin en cuestións tan claras se pode razoar con eles.

Tamén nos queda claro que todo o que se incorpora aos Convenios Colectivos, e aos acordos nas mesas de negociación, faise por algo, a empresa non dá puntada sen fío.